



**PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 01-04-2022, ditou a resolución con número 977/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Convocatoria para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición no proceso selectivo para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, data do 1º exercicio: 21 de abril de 2022.

Con data 30 de marzo de 2022 tivo lugar unha reunión do tribunal nomeado por Resolución da Alcaldía núm. 472/2022 do 17 de febreiro de 2022 (BOP núm. 37 do 26/02/2022) para cualificar o proceso selectivo para a provisión dun/ha funcionario/a de carreira nunha praza de técnico/a de normalización Lingüística, escala de administración especial, técnico superior, convocado por Acordo da Xunta de Goberno Local do 02/08/2021 (BOP núm. 163 do 27/08/2021, DOG núm. 197 do 13/10/2021 e BOE núm. 232 do 28/09/2022).

No curso da dita sesión o tribunal acordou convocar aos aspirantes para realizar o primeiro exercicio da fase de oposición o xoves 21 de abril de 2022, as 12:00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Carballo.

Á vista da acta da sesión do 30/03/2022, elevada a esta Alcaldía, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro. De conformidade co disposto na base 7. 3 da convocatoria e o acordo do tribunal do 30/03/2022, convocar aos aspirantes do proceso selectivo para a provisión dun/ha funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística (escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A1) para realizar o **primeiro exercicio** da fase de oposición o xoves **21 de abril de 2022**, as **12:00 horas**, no Salón de Plenos do Concello de Carballo (segundo andar da Casa Consistorial).

O tribunal reunirase previamente ese mesmo día, 21/04/2022, as 8:30 horas, para a elaboración do exercicio.

Segundo. Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e publicala no Boletín oficial da provincia da Coruña, e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.gal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario
José Villán Fuertes